



# PLAN DIXITAL

## CPR Mendiño

36016723

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CPR Mendiño

Rúa Pi I Margall 139, 36202 Vigo / Pontevedra)

mendino@mendino.org, cpr.mendino@edu.xunta.gal

www.colexiomendino.com

Etapas educativas:

- Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría
- Ciclo Medio de Actividades Comerciais
- Ciclo Medio de Xestión Administrativa
- Formación Profesional Básica de Servizos Administrativos

O número total de alumnado matriculado é de 219. O claustro de profesorado está composto por 13 persoas.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Vigo ten unha poboación de 300.000 habitantes aínda que en realidade cada día viven, traballan e estudan nesta cidade case medio millón de persoas, representando o 32% da poboación da provincia de Pontevedra e o 12% da poboación de Galicia.

O centro conta cun proxecto de innovación educativa para incluír as TICs no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Cuxos obxectivos principais son:

- Formar ao noso alumnado no uso responsable das TIC como fonte de información, de coñecemento e de autoaprendizaxe.
- Mellorar os procesos de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolven no Centro.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Potenciar a educación en valores.
- Mellorar a calidade da atención que se presta ó alumnado e ás súas familias no ámbito da xestión e administración.
- Cambiar progresivamente a utilización de software propietario por software libre

Os seguintes son obxectivos baseados noutros documentos do centro:

- Facilitar o acceso de xeito mais directo e doado aos diferentes documentos (PCC, PO, PXAD, Regulamento de réximen interior, PAT, POAP...)

- Facilitar a orientación académica e profesional a través do uso das novas tecnoloxías á hora de realizar tests, probas psicométricas, na avaliación psicopedagóxica. (Recollido no PO, pax 10, 2.3.1. Avaliación de necesidades.)
- Establecerse como soporte de comunicación entre os titores e o alumnado, recollido no PAT.
- Favorecer un acceso igualitario ás novas tecnoloxías e dispositivos entre rapaces e rapazas, evitando as brechas de xénero. (Plan de igualdade).
- Permitir un acceso en condicións de igualdade a todo o alumnado do centro ao curriculum, empregando as novas tecnoloxías como ferramenta de acceso ao mesmo no caso de alumnado con NEE ou NEAE (PXAD).

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Conforme ao artigo 132 c) da O 2/2006, de 3 de maio, de Educación en relación coa disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021 e disposición adicional terceira dá Resolución do 18 de xuño de 2021, ambas as da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, será o director ou directora do centro educativo a persoa responsable de elaborar e implementar durante o curso 2021/2022, o plan dixital do centro conforme ás instrucións de deseño, elaboración e implementación aprobadas por Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional.

Así mesmo, ao amparo do artigo 121 en relación co artigo 111 bis.5., ambos da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, é responsabilidade da dirección do centro educativo incorporar no curso 2021/2022 o plan dixital ao plan educativo do centro.

E de acordo co disposto no artigo 111 bis sobre Tecnoloxías da Información e a Comunicación dá LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establécese que a plataforma Xade permitirá a xestión académica e administrativa do alumnado, e así mesmo acórdase como obxectivo determinar con anterioridade ao 31 de decembro do ano 2022, a plataforma que garante unha contorna virtual de aprendizaxe para uso do profesorado e alumnado garantindo a propiedade intelectual, privacidade e protección de datos.

Por último, a Administración e o equipo directivo do centro educativo serán responsables de promover o uso das tecnoloxías da información e comunicación na aula garantindo en termos de igualdade o acceso dos/as estudantes aos recursos dixitais necesarios, adoptando as medidas necesarias encamiñadas a eliminar situacións de violencia na rede así como a desaparición de estereotipos de xénero.

## 1.4. Proceso de elaboración

Este plan está elaborado por tres membros do profesorado e unha persoa do departamento de administración e servizos.

O primeira tarefa realizada foi un reparto dos puntos de este plan de maneira equitativa, a continuación varias reunións para postas en común e intercambio de información e finalmente unha revisión grupal.

Ademais das reunións dos membros do equipo encargado do plan dixital, estes se reunirón co claustro de profesorado para comentar os resultados da enquisa e as aportacións feitas en materia de necesidades dixitais.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1 Infraestrutura dixital do centro

No centro atopamos 2 routers. Un deles, con velocidade de 1Gb, está conectado a un sistema de distribución de sinal wifi con 4 puntos de acceso de alto rendemento para todo o colexio. O outro, de 100 MB de velocidade, envía sinal de internet cableada a un aula onde todos os ordenadores están cableados.

Hai 5 teléfonos con conexión de voz e un móbil.

#### 2.1.2 Equipamento dispoñible

Contamos cunha aula informática con 30 ordenadores portátiles.

O centro dispón aparte dos mencionados anteriormente os seguintes equipos informáticos:

##### Alumnado:

27 PCs de escritorio con conexión ethernet

21 PCs de escritorio con conexión wifi

30 PCs portátiles con conexión wifi

##### Profesorado:

6 PCs portátiles con conexión wifi

##### Administración:

5 PCs de escritorio con conexión ethernet

#### 2.1.3 Servizos dixitais educativos

O centro conta cunha páxina web onde, ademais de información xeral, ofrécense novas de interese para o alumnado através do blogue que funciona como un taboleiro de anuncios, novas, ofertas de emprego interesantes para o exalumnado e actividades desenvolvidas dentro e fora do centro.

Utiliza o espazo abalar para publicar as notas de cada avaliación.

Non se emplea a plataforma Agueiro dado se usan ferramentas de traballo colaborativo como o Drive ou anteriormente mencionada Classroom

As editoriais coas que traballa o profesorado inclúen libros dixitais co cal non se ve necesario E-Dixgal.

Utilízanse plataformas da Consellería de Educación como Xade, Xadetítulos, Ciclosadmisión etc

#### **2.1.4 Xestión do mantemento do equipamento do centro**

O mantemento dos equipo informáticos non está externalizado nunha empresa, é levado a cabo por dous profesores do centro.

#### **2.1.5 Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICs**

Plan de continxencia: <https://colexiomendino.com/documentacion-legal/>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				2,7	
	Profesorado				3,6	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				3,1	
	Alumnado				3,2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3,9	
	Profesorado				4	
	Alumnado				3,9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				2,8	
	Profesorado				3,5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,7	
	Profesorado				4,2	
	Alumnado				4,5	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				3,9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				3,6	
	Alumnado				3,6	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3,3	
	Profesorado				3,9	
	Alumnado				4	

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>8</u>	<u>13</u>	<u>61,5</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50</u>
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84,2	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	84,2	<u>Integrador/a (B1)</u>	80,2	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>3</u>	<u>33,3</u>
B1	<u>3</u>	<u>33,3</u>
B2	<u>3</u>	<u>33,3</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>9</u>	<u>100</u>



### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- O centro garante o acceso a internet.	- Parte do alumnado carece de acceso a dispositivos dixitais. - O centro non dispón de repositorios con materiais de ensino ou aprendizaxe.
	PERSOAL DOCENTE	- Utiliza entornos virtuais de aprendizaxe e explora novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. - Usa tecnoloxías dixitais na comunicación interna do centro.	- Carece de tempo para explorar modos de mellorar a calidade do ensino con medios dixitais. - Non comparte experiencias dentro da comunidade educativa. - Non existe debate sobre a forma de aproveitar adecuadamente as tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	- Usa tecnoloxías dixitais na comunicación interna do centro. - Utiliza as ferramentas dixitais da Consellería para os trámites administrativos.	- Carece de tempo para facer cursos de actualización e coñecemento dixital.
	ALUMNADO	- Desenvolve habilidades dixitais acordes á súa cualificación profesional. - Aprende a comunicarse de forma responsable usando tecnoloxía dixital. - Adquire competencias para crear contidos dixitais.	- Non se avalían fóra do centro as competencias dixitais adquiridas. - A tecnoloxía usada non permite coñecer detalladamente os puntos fortes e débiles como estudante. - O alumnado non dispón dunha intranet que restrinxa o acceso a contidos non relevantes para a materia.
	FAMILIAS		- Pouca involucración das familias na marcha do centro, nin dixital nin presencialmente.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Dispónse de asistencia técnica cando xurden problemas.	- O centro non usa tecnoloxías dixitais en materia de orientación profesional. - Non hai unha estratexia dixital definida.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Constitución da Rede Galega de Educación Dixital que permite a mentores asesorar os centro educativos en materia dixital. - No curso 2021/22 a Consellería de Emprego e Igualdade concedeu o centro unha axuda para adquisición de equipamento informático e para o desenvolvemento da páxina web e de software.	- A Admin. Educativa vai tarde na axuda aos centros e moitos teñen/temos xa uns protocolos de actuación dixital. Cambialos supón tempo, esforzo e cartos, por iso teñen que estar ben definitivos e ser o máis definitivos posible.
	LEXISLACIÓN	- A LOMLOE establece que a competencia dixital convértese nun principio pedagóxico na educación básica. - O programa Abalar pretende a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia incrementando os recursos existentes.	- Pouca ou nula información sobre as opcións que dará a LOMLOE de desenvolver itinerarios cruzados.
	CONTORNA	- Grazas á Covid-19 as empresas detectaron a necesidade da dixitalización e agora sinten que necesitan persoal con coñecementos.	- O nivel de recursos das familias é, en xeral, baixo. - O alumnado da FP cursa contidos dixitais específicos de cada ciclo aos que, con frecuencia, as empresas non están adaptadas .
	ANPA		- As AFAs na FP están pouco involucradas a nivel colectivo ou individual - Hai un descoñecemento xeralizado do uso de ferramentas dixitais.

### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción desenvólvese no marco das necesidades que atopamos imprescindibles cara ao curso 2022/2023. A elaboración do plan atende, polo tanto, á lectura das distintas necesidades expresadas polo profesorado e traballadores do centro educativo Mendiño nunha posta en común, así como ás necesidades expresadas nas enquisas do alumnado e o profesorado en referencia ás familias, as materias, ao equipamento e calqueira outra cousa imprescindible para a consecución dos obxectivos dixitais propostos para o vindeiro curso.

Os recursos cos que conta o centro educativo Mendiño para a consecución dos obxectivos e o cumprimento do Plan de Acción son os que temos a xuño de 2022, é dicir o claustro completo do profesorado, que está formado por 13 docentes, unha orientadora, unha administrativa, o espazo físico do centro que conta con seis aulas, un aula informática, un hospital, unha biblioteca, un despacho de orientación educativa e a estancia da secretaría, ademáis duna sala do profesorado e unha entrada.

A nivel informático, o descrito no apartado 2.1.1 deste Plan Dixital.

En relación aos obxectivos, dadas as necesidades expresadas e volcadas despois no DAFO, cremos que estes atenden e responden ao máis urxente para a dixitalización do centro, sen perxuízo de que máis adiante estes obxectivos muden e sexan ampliados cara ao novo marco dixital que poida xurdir no futuro

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Se botamos un ollo ao DAFO atoparemos unha serie de debilidades que son as que primaron á hora do desenvolvemento tanto do Plan de Acción como dos obxectivos específicos por áreas.

En primeiro lugar atopámonos con que o alumnado carece de dispositivos dixitais de uso persoal e profesional (non falamos de móbiles senón de ordenadores persoais cos que seguir unha clase ou facer un traballo colaborativo) polo que é a primeira debilidade, e por iso a área que atopamos máis urxente é a 'C' de Infraestruturas e equipos. Dentro desta, o primeiro obxectivo é a creación dun banco de ordenadores para o alumnado de xeito que poidamos usalo cando sexa necesario e previndo que o noso alumnado soe ter carencias neste sentido, xa que moitos deles non teñen ordenador persoal ou o que teñen deben compartilo con outras persoas da unidade familiar.

O banco de ordenadores vai supoñer un desafogo para o colexio, permitindo ao alumnado levar ás materias ao día sempre que necesiten ter un ordenador para isto; relaxar a presión das familias respecto do que as súas fillas e fillos teñen que rematar, sen que o equipamento informático sexa un problema, e continuar coas programacións por parte do claustro aínda que non estea no centro algún número de alumnos por diversos motivos. O traballo en liña e o traballo en liña de xeito colaborativo tamén serán satisfeitos coa consecución deste obxectivo.

Os valores de partida deste obxectivo son nulos, xa que non temos ordenadores para uso do alumnado fora do centro, polo que a previsión é mercar 30 dispositivos e terlos a punto durante o derradeiro trimestre do ano 2022.

Seguindo no marco do DAFO, outra das debilidades que atopamos tras as enquisas feitas ao profesorado foi a carencia dun repositorio con materiais de ensino-aprendizaxe, ao tempo que atopamos carencias en canto á compartir experiencias dentro da nosa comunidade educativa, no propio centro, así como a posibilidade de debater sobre a forma de aproveitar adecuadamente as tecnoloxías dixitais.

Enmarcámolo todo isto tamén na área 'C' de infraestructuras e equipos xa que finalmente definimos o obxectivo como a elección, implementación e ensino dunha plataforma dixital para todo o centro educativo, xa que actualmente contamos co programa XADE para a xestión e administración do centro educativo, tamén contamos cunha ferramenta específica para o control de asistencia do alumnado, e de xeito individual cada docente selecciona e utiliza a ferramenta dixital que cre mais oportuna, ou que domina máis, sen ter relación unhas co outras o que dificulta as posibilidades de compartir documentación empeorando así a calidade do ensino-aprendizaxe cara o alumnado e tamén cara o profesorado.

O noso obxectivo, polo tanto, neste curso 2022/2023, cun punto de partida fraccionado e sen relación cunha plataforma única, e precisamente a selección dunha plataforma que, asociada ao enderezo electrónico -que terá que partir do dominio do colexio, que sí temos- permita volcar contidos, compartilos e crear unha comunidade educativa virtual da que todo o centro, profesorado, alumnado e familias, poidanse beneficiar e supoña unha vantaxe fronte ao que temos hoxe.

De xeito mais definido, temos ata o mes de outubro para escoitar e coñecer as distintas opcións, dentre as que hoxe xa preseleccionamos as máis comúns -Apple Teacher, Google Classroom e Moodle-; nun segundo paso e unha vez elixida a plataforma, rematar o ano 2022 cunha elección feita e tamén coa plataforma implementada para iniciar o ano 2023 co control de asistencia, os enderezos electrónicos asociados ao dominio do centro, a posible comunicación co alumnado a través da plataforma xa definida, e todo preparado para o volcado de contidos e os sistemas de avaliacións a través de dita plataforma. Iremos incluíndo estes datos ao longo do resto do curso, co obxectivo final de rematar o curso 2022/2023 dando promovido e ensinado o uso da plataforma, tanto ao profesorado como ao alumnado, avaliando estes usos con dúas avaliacións fundamentais para nós: unha ao rematar a 2ª avaliación, cerca da Semana Santa, onde miraremos que o volcado de datos e o funcionamento de todas as partes sexa correcto, e outra ao fin de curso onde poderemos avaliar a consecución do obxectivo completamente así como o seu uso e ensino por parte de todos os actores involucrados.

Rematamos os nosos obxectivos cunha nova área, 'D', sobre o desenvolvemento profesional continuo. Esta área e o obxectivo concreto que definimos como 'Formar e actualizar os coñecementos dixitais do profesorado para mellorar a práctica docente no contexto da transformación dixital' xurde a raíz dunha das debilidades do

DAFO en relación ao alumnado, como é carecer de tempo para facer cursos de actualización e coñecemento dixital, pero non é un obxectivo alleo ao descrito máis enriba, xa que as carentes opcións de compartir dun xeito dixital as experiencias entre a nosa comunidade educativa e o feito de non utilizar de maneira común as mesmas ferramentas dixitais, imposibilitan ou dificultan en gran medida as opcións de actualización, e isto provoca un envellecemento da metodoloxía, e supón a volta á tendencia das clases pouco participativas onde o profesorado volve a ser o centro da aula, cando ten que ser o estudante, de xeito máis individual, o centro da súa propia aprendizaxe, en certa medida grazas á actualización tanto das metodoloxías como das ferramentas dixitais, cada día mais centradas no ensino-aprendizaxe partindo e volvendo a un mesmo.

O obxectivo, tendo en conta que non contamos con datos previos por parte do profesorado, é ter a posibilidade de recibir, estudar e coñecer de xeito profundo polo menos cinco ferramentas dixitais modernas que xeneren polo menos cinco metodoloxías distintas nas que apoiar un tema, uns exercizos, unha práctica na aula, calquera cousa que cumpla co obxectivo de mellorar a aprendizaxe do profesorado para modernizalo, adaptarlo ao novo marco dixital de ensino, facelo máis atractivo para o alumnado e que teña como avaliación final a inclusión destas cinco ferramentas e cinco metodoloxías nas programacións cara ao final de curso, polo que xa iría implementado nas programacións do seguinte curso lectivo, 2023/2024.

Para a consecución deste obxectivo, o máis ambicioso dos tres polo difícil que resulta atopar un momento para aprender, estudar, actualizarse e implementar os coñecementos en actividades que teñan o seu reflexo nunha programación educativa, imos atopar momentos nos que o profesorado poida recibir formación específica ao longo do curso; a avaliación deste obxectivo chegará ao fin do mesmo curso e despois de que o profesorado promova e desenvolva aquelas metodoloxías de aprendizaxe máis cómodas e axustadas a eles.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En referencia ás necesidades de equipamento, teremos en conta que dous dos obxectivos teñen que ver directamente coa mellora das infraestruturas tecnolóxicas.

O primeiro obxectivo, a adquisición dos ordenadores para o seu uso por parte do alumnado que o precise, ten como finalidade poñer a disposición do noso alumnado os recursos tecnolóxicos imprescindibles para que o equipamento e a conectividade non sexan un problema, e que o alumnado poida centrarse no realmente importante que é adquirir os coñecementos e competencias necesarios para o seu desenvolvemento nun posto de traballo no futuro. Neste caso, o equipamento ten que ser unha axuda e non un impedimento á hora de adquirir ditos coñecementos e competencias.

Doutra banda, o segundo dos obxectivos, tamén enmarcado no grupo da mellora das infraestruturas, é a elección dunha plataforma dixital que permita unificar e compartir ao profesorado tanto coñecementos como formas de avaliación, actividades a desenvolver, e crear comunidade. A finalidade é a mellora do ensino-aprendizaxe a través dunha plataforma dixital.

### Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos (C)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	<b>CREAR UN BANCO DE ORDENADORES PARA O ALUMNADO.</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección de Tecnoloxías da Información e a Comunicación				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Chegar ao número de ordenadores obxectivo, mercados e operativos.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	30 ordenadores supón o 100%			Decembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades dos equipos a mercar e solicitar orzamentos dentre os provedores habituais.	Dpto. TICs	01/10/2022	Persoal que estude o número de ordenadores necesarios e solicite os orzamentos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Mercar os equipos e facer o arranque dos mesmos para usalos.	Dpto. TICs	01/12/2022	Un lugar onde protexelos, gardalos e cargalos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos (C)						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	<b>ELIXIR, IMPLEMENTAR E ENSINAR UNHA PLATAFORMA DIXITAL PARA TODO O CENTRO EDUCATIVO.</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección de Tecnoloxías da Información e a Comunicación				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Implementación completa e coñecemento do seu uso por parte do claustro.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Atualmente temos unha ferramenta para o control de asistencia; o 75% do profesorado volca recursos e avalia dixitalmente sen relacións co claustro, de xeito individual. Os enderezos electrónicos de uso docente non están asociados ao dominio do centro.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Uso dunha única plataforma polo 100% do claustro para comunicarse co alumnado, volcar contidos, avaliar e controlar asistencia. 100% do centro con enderezos electrónicos co dominio do centro.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Investigar e recadar información de Google Workspace for Education, Apple Teacher, Moodle. Elixir unha delas.	Dpto. TICs	01/10/2022	Teléfono para as chamadas cos comerciais. Dúas xornadas para chamar, recadar e explicar as conclusións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Implementar a plataforma dixital elixida para control de asistencia, comunicación co alumnado, volcado de contidos e avaliación. Creación das contas dixitais co dominio do centro.	Dpto. TICs e Titorías.	01/12/2022	Persoal (un alumno por aula) para axudar na implementación e desenvolvemento das contas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b> Ensinar e promover o seu uso ao claustro e ao alumnado. Avaliar.	Dpto. TICs e Xefaturas de Dptos.	01/06/2023	Unha xornada para explicar ao claustro a ferramenta elixida e avaliar o seu uso e implementación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	<b>FORMAR E ACTUALIZAR OS COÑECEMENTOS DIXITAIS DO PROFESORADO PARA MELLORAR A PRÁCTICA DOCENTE NO CONTEXTO DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección de Tecnoloxías da Información e a Comunicación				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ferramentas aprendidas e número de actividades desenroladas por cada docente en cada materia.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Sen datos previos.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5 ferramentas dixitais e 5 metodoloxías implementadas nas programacións.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Definir as necesidades tanto de ferramentas como de metodoloxías dixitais que sexan útiles para a nosa tipoloxía de ensino e alumnado.	Cada docente coordinado a través das Xefaturas de Dpto. e Dpto. TICs	01/11/2022	Cuestionarios para o profesorado e o alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Recibir unha formación específica e práctica en metodoloxías e ferramentas dixitais. Elaborar un repositorio con todo o ensinado.	Dpto. TICs, Xefatura e Dirección.	30/06/2023	Docentes expertas/os na materia que poidan vir a dar uns cursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b> Avaliar os coñecementos adquiridos a través da implementación de 5 ferramentas e 5 metodoloxías nas vindeiras programacións educativas.	Dpto. TICs, Xefatura, Dirección	30/06/2023	Repositorio de actividades desenvoltas que poidan ser reutilizadas adaptando os contidos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de avaliación comeza por definir cales son as distintas avaliacións por cada un dos obxectivos marcados, así podemos señalar o seguinte:

**Obxectivo 1**, creación dun banco de ordenadores.

- A avaliación procesual vai estar marcada pola recepción dos orzamentos para a merca dos ordenadores; temos que confirmar que a mediados do primeiro trimestre imos ter xa todos os orzamentos e a decisión tomada como tarde para mediados de novembro, co obxectivo de facer o pedido e cumprir coa avaliación final.
- A avaliación final vai darse o día que recibamos os equipos informáticos e probemos que funcionan correctamente; sendo este obxectivo o primeiro e cunha data de cumprimento anterior ao fin do ano 2022, aínda que tiveramos moitos problemas e prazos dilatados por problemas alleos a nós, teremos aínda seis meses para reorganizar, comezar e redefinir o obxectivo ou a consecución, desenvolvemento e avaliación do mesmo nun novo período.

**Obxectivo 2**, elección dunha plataforma dixital que aune todas as necesidades do claustro e do centro en materia docente, incluíndo o rexistro de asistencia, as probas escritas, a corrección, as rúbricas de avaliación e a compartición de recursos entre o claustro e entre as distintas materias.

- A avaliación procesual terá dúas datas importantes que coinciden co remate de cada unha das avaliacións ou trimestres dentro do curso 2022/2023. No primeiro lugar miramos que os aspectos a valorar de xeito inicial terán que ver coas plataformas das que solicitemos información co obxectivo de elixir unha delas para o noso centro educativo que cumpla coas necesidades expresadas anteriormente. Así contemplamos informarnos, facer probas e coñecer ao máximo posible as plataformas durante o primeiro trimestre, de feito antes do comezo de decembro, coa finalidade de analizar e valorar os resultados que nos permitan elixir unha ou ampliar a búsqueda a outras plataformas, tendo que modificar os prazos do primeiro subobxectivo dentro do obxectivo final.

Fronte ao segundo trimestre, o que plantexamos é ter elixida unha plataforma e facer a implementación gradual de todo o que nos interesa e necesitamos ter volcado en dita plataforma, para deixar rematada a segunda avaliación coa migración de datos feita e preparada para poder probar e errar durante a terceira avaliación, de xeito que o profesorado e o alumnado se familiarice coa mesma, teñamos tempo de facer os correos electrónicos novos, o volcado e proba de datos, probar o rexistro de ausencias, etc.

- A avaliación final corresponderá, sempre que todos os pasos cumpriñan en prazo, ao mes de xuño, no que todo terá que funcionar correctamente. O claustro terá que ter coñecementos no uso da plataforma, e ter todo listo e todos os datos volcados para empezar o seguinte curso, 2023/2024, coa plataforma probada e lista para a súa utilización única por parte de todo o claustro e todo o alumnado.



**Obxectivo 3**, formación específica dixital para o profesorado co fin de que se actualicen os seus coñecementos a aplicar nas aulas.

- A avaliación procesual terá tamén dúas datas pendentes de confirmar co docente que contratemos para dar a formación específica ao profesorado. Vai ser máis complicado atopar unha data para dar esta formación que confirmar co claustro a adquisición dos coñecementos.
- A avaliación final deste derradeiro obxectivo terá que estar presente na redacción das programacións de cara o curso 2023/2024 (nas que se incluírán o uso de novas metodoloxías e ferramentas dixitais), a súa introducción cara aos próximos cursos e a actualización constante a nivel dixital.

## 5. Difusión do plan

A nosa estratexia ten que ver cos medios que temos ao noso alcance e coa comunidade educativa que formamos o profesorado, os traballadores e traballadoras e o alumnado do Colexio Mendiño.

Na Formación Profesional as familias do alumnado non soen ter relación co centro, agás as familias dos menores de idade, polo que o principal canle de difusión van ser os receptores das melloras, que é o alumnado, así coma a difusión a través da comunicación ao Consello Escolar e aos diferentes departamentos dentro do Colexio, que a súa vez poderán comunicarlle aos membros dentro destes.

Doutra banda será traballo de Xefatura de estudos e Dirección a través das reunións, charlas e outros eventos de xeito educativo e formativo, quen podrán compartir os obxectivos marcados polo colexio e o seu cumprimento así como as melloras dixitais que estes supoñen para o centro, especialmente coa consecución dos mesmos a piques de rematar, esperamos que no curso que ven.

Para rematar, o departamento de orientación será o encargado de difundir a mensaxe entre a comunidade que forma co outros departamentos de orientación, con academias de ensino e con asociacións coas que normalmente temos relación, contacto e compartimos experiencias e melloras no ámbito educativo.